GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NUÑEZ, portavoz do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello de Pontevedra, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN ao abeiro dos artigos 67, 117 e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, instando a que o Concello de Pontevedra se dirixa ao operador ferroviario RENFE-Viaxeiros, ao Ministerio de Fomento e a outros organismos que considere oportunos para solicitarlles que o traxecto ferroviario PONTEVEDRA-MADRID-PONTEVEDRA SE FAGA APROVEITANDO A NOVA LIÑA DE ALTA VELOCIDADE DO CORREDOR ATLÁNTICO, POLAS VANTAXES EN TEMPO DE VIAXE QUE ISTO SUPÓN PARA OS USUARIOS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

MAREA PONTEVEDRA asume como propia, e trasládalles aos demais grupos municipais, esta proposta do Sindicato Federal Ferroviario – Confederación Xeral do Traballo.

Segundo as estimacións deste Sindicato, os veciños de Pontevedra aforrarían máis dunha hora de viaxe se os trens con destino/orixe Madrid fixesen o seu percorrido pola nova instraestrutura viaria do corredor atlántico de Alta Velocidade. O traxecto sería Pontevedra-Vilagarcía e logo, sen entrar na cidade de Santiago de Compostela, continuaría cara a Ourense ao chegar ao bypass ferroviario de Angrois. Deste xeito, a duración aproximada da viaxe entre Pontevedra e Ourense sería dunha hora, fronte as dúas horas e cinco minutos da actualidade.

Supoñería, por tanto, un recorte importante nos tempos de viaxe, que deixaría Pontevedra a seis horas e quince minutos de Madrid, e a só unha hora de Ourense. Ademais, coa vindeira entrada en servizo do treito Olmedo-Zamora, minguaríanse os tempos da viaxe noutros trinta e cinco minutos, co cal a duración da viaxe entre Pontevedra e Madrid pasaría a ser de cinco horas e corenta minutos. Todo isto sen custo algún, só facendo un cambio de percorrido.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA presenta diante do pleno a seguinte

PROPOSICIÓN:

- **Que o Concello de Pontevedra se dirixa ao operador ferroviario RENFE-Viaxeiros, ao Ministerio de Fomento e a outros organismos que considere oportunos, instándoos a que a conexión ferroviaria Pontevedra-Madrid-Pontevedra se faga aproveitando a nova liña de Alta Velocidade do corredor atlántico, polas vantaxes en tempo de viaxe que isto supón para os usuarios.**

Pontevedra, 02.12.2015

O Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

Luís Rei Núñez